

**ACTA XUNTA DIRECTIVA
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL AVINZA GDR 15
DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2010**

Asisten:

PRESIDENTE

D. Francisco García Suárez

VICEPRESIDENTA 3ª

Da. Yolanda Quintas Salgado.

VICESECRETARIA

Da. Vanessa García Rodríguez

TESOUREIRO

D. José Manuel Fernández Gómez

VOGAIS

Da. María Teresa Barge Bello

D. Benigno Carballo Bouzas en
representación de D. Eladio Mangana
Novoa

D. Xoán Xosé Jardón Pedras

Benilde Vázquez Martínez en
representación de D. José Luis Gavilanes
Losada

D. Manuel García González

Isabel Santos Fernández en
representación de D. David Vila Cid

**Presidente AAVV Virxe das Neves de
Pereiras** en representación de Da. Esther
Losada

No Salón de Actos do Centro de Promoción Económica de Allariz, sito na rúa Portelo 4, cando son as 17:15 horas do día 29 de xuño de 2010, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. PRESIDENTE, Francisco García Suárez, constituídos *en Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión extraordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan coma orde do día.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Proposta de cambio de baremo para puntuacións de proxectos (xúntase novo baremo).
3. Acordo, se procede, de imputar un 30% do salario bruto da coordinadora Eva González Pérez ao proxecto de cooperación "Ambiempléate".
4. Estado de contas ata 31 de maio de 2010
5. Informe sobre as novas de funcionamento remitidas dende AGADER (Axencia Galega de desenvolvemento Rural) no mes de abril de 2010.
6. Rogos e preguntas.

Comeza a xuntanza ás 17:15.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por unanimidade a acta da Xunta Directiva do 02/02/2010 enviada coa convocatoria a todos os membros da xunta.

2. Proposta de cambio de baremo para puntuacións de proxectos (xúntase novo baremo).

Eva González procede á explicación dos cambios no novo baremo (enviado tamén a todos os membros de Xunta Directiva) que implican un aumento de puntuación xeral favorecendo así as calificacións dos proxectos que se presenten. Faise fincapé en que as modificacións son beneficiosas para calquera tipo de iniciativa e que inciden na puntuación xeral que determina o tanto por cento da subvención. Existe acordo unánime na modificación do baremo entre os asistentes.

3. Acordo, se procede, de imputar un 30% do salario bruto da coordinadora Eva González Pérez ao proxecto de cooperación "Ambiempléate".

Ante a explicación por parte do presidente da posibilidade de imputar un 30% do salario da xerente aos orzamentos da subvención do proxecto de Cooperación Ambiempléate acórdase por unanimidade esta imputación.

4. Estado de contas ata 31 de maio de 2010.

Entrégase aos asistentes un informe co estado das contas até o 31 de maio de 2010 (xúntase).

5. Informe sobre as novas de funcionamento remitidas dende AGADER (Axencia Galega de desenvolvemento Rural) no mes de abril de 2010.


O presidente expón aos asistentes as novidades sobre o procedemento administrativo e orzamentario que AGADER quere impoñer aos Grupos de Desenvolvemento Local.

A xerente explica que os cambios máis importantes son: a perda de fondos dunha anualidade que non sexan utilizados ou os prazos de xustificación de gastos que se adiantarían ao 30 de outubro de cada ano. Isto supón uns recortes importantes do convenio suscrito entre AGADER e o GDR. A Xunta Directiva está de acordo en que se esixa a AGADER o cumprimento do convenio firmado.

6. Rogos e preguntas.

Trátase como punto extraordinario a validación do primeiro proxecto presentado por Avinza ante AGADER: "Oficina técnica agroforestal". Acórdase por unanimidade a súa aprobación. Non habendo máis cuestións que tratar dase por terminada a xuntanza ás 18:00.

O PRESIDENTE



Francisco García Suárez

O SECRETARIO



F. Xabier Oviedo Rodríguez



Asociación Avinza GDR 15

Situación financeira a 31/05/2010

Exercicio 2009. Período 1/01/10 a 31/05/10

Ingresos		TOTAIS
Saldo anterior a 31/12/2009 (sen contabilizar caixa Asociación)		14.917,71 €
Pagos LEADER FOGGA		27.726,25 €
		42.643,96 €
Gastos		
Persoal	Nóminas	13.323,50 €
	Seguros Sociais IRPF	10.486,00 €
Desprazamentos e dietas		411,00 €
Mobiliario oficina		3.000,00 €
Elaboración PDR		4.500,00 €
Gastos sede (convenio Concello Allariz)		5.220,00 €
Outros gastos (correos, material oficina, consumibles informáticos, gastos bancarios)		910,90 €
		37.851,40 €
Saldo 31/12/2009 Xustificación		4.792,56 €
Contas bancarias 31/12/2009		
Banesto Crédito Agrobanesto Financiación		98,55 €
Banesto conta corrente		4.694,01 €
(Sen contabilizar saldo caixa Asociación Avinza)		4.792,56 €





Asociación Avinza GDR 15
Rúa Portelo, 4 2º 32660 Allariz Ourense
Telf. 988442210 Móbil 672282449
www.avinza-gdr15.com
Email xerencia@avinza-gdr15.com



PAGOS PENDENTES DE INGRESO		TOTAIS
Pendente de ingreso dende AGADER (Proposta de pago con rexistro de entrada o 16/06/2010 en Avinza GDR 15, prazo de pago 4 semanas)	17.188,17€	
Gastos xustificados por Avinza GDR 15 á espera de proposta de pago	6.277,11€	
		23.465,28€

PLAN FINANCIERO ASOCIACIÓN AVINZA APROBADO POR AGADER		
Orzamento ano 2008 (Funcionamento)	31.786,62€	
Orzamento ano 2010 (Funcionamento)	62.526,26€	
		94.312,88€
Gastos ano 2009 (Funcionamento)	22.669,52€	
Gastos ano 2010 até 31/05/2010 (Funcionamento)	37.851,40€	
		60.520,92€
	SALDO	33.791,96€

Allariz, 29 de xuño de 2010.

Eva González Pérez
Xerente Asociación Avinza GDR 15